



REQUIRIMENTO DA ALCALDÍA

Nº Expediente: 2016/C003/000002

Asunto: Contratación da obra INSTALACIÓN DE DÚAS PISTAS DE PÁDEL CUBERTAS

A Mesa de contratación, na súa reunión de data 31.05.2016, propuxo ao órgano de contratación a adxudicación do contrato arriba citado coas seguintes condicións:

empresa: VILLASUSO ORTEGAL, S.L.

importe: 98.000,00 € e 20.580,00 € de IVE, cun total de 118.580,00 euros

prazo de execución: 74 días naturais

Polo tanto, requírese a esta empresa, por ser o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, para presentar a seguinte documentación, necesaria para continuar coa adxudicación desta obra, no prazo de **dez días hábiles** a contar desde o seguinte a aquel en que recibise esta notificación:

- Documentación á que se refire a cláusula 16.2 do Prego de cláusulas administrativas e á que se fai referencia na Declaración responsable.
- Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 do TRLCSP, a cal ascende a 4.900,00 euros.

Cedeira, 2 de xuño de 2016

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

VILLASUSO ORTEGAL, S.L.

Políg. Ind. A Rega, parc, 48 – Cuiña

15330 – ORTIGUEIRA

info@villasuso.es